

**O Cooperativismo no mar:
Evolución Histórica.
Situación Actual e Potencialidades**

**Informe de conclusións á análise documental
e á análise de casos**

**Análise da Evolución Histórica das
Cooperativas do Mar**

1 Índice

1	ÍNDICE.....	3
2	ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICOS	4
3	INTRODUCCIÓN.....	5
4	ANTECEDENTES Á FÓRMULA COOPERATIVA: OS PÓSITOS DE PESCADORES.....	7
5	EVOLUCIÓN DO SECTOR PESQUEIRO EN GALICIA.....	9
6	EVOLUCIÓN DA COOPERATIVAS NO SECTOR DO MAR DE 1945 A 2005.....	15
7	ESTUDO DE CASOS.....	24
7.1	TÉCNICA UTILIZADA.....	28
7.2	CONTEXTO.....	29
7.3	PROCESO DE CONSTRUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS COOPERATIVAS DO MAR.....	30
7.4	OBJECTIVOS BÁSICOS DAS COOPERATIVAS.....	39
7.5	RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN E OUTRAS ENTIDADES.....	42
7.6	EVOLUCIÓN SOCIETARIA.....	46
7.7	DISOLUCIÓN DAS COOPERATIVAS.....	49
7.8	OUTROS ASPECTOS.....	52
7.9	CONCLUSIÓNS.....	54

2 Índice de Táboas e Gráficos

ÍNDICE DE TÁBOAS

TÁBOA 1. ASPECTOS PRINCIPAIS DE EVOLUCIÓN CRONOLÓXICA DO SECTOR.....	13
TÁBOA 2. TIPOLOXÍA DE COOPERATIVAS SEGUNDO A ACTIVIDADE DO CNAE.....	16
TÁBOA 3. Nº DE COOPERATIVAS DO SECTOR PESCA CONSTITUÍDAS POR DÉCADA E CNAE, 1945-2005.....	18
TÁBOA 4. CLASIFICACIÓN COOPERATIVAS DE PESCA SEGUNDO CNAE.....	18
TÁBOA 5. Nº DE COOPERATIVAS DO MAR CONSTITUÍDAS POR CONCELLOS.....	20
TÁBOA 6. NÚMERO MEDIO DE SOCIOS/AS PROMOTORES/AS POR COOPERATIVA PARA CADA DÉCADA.....	21
TÁBOA 7. NÚMERO DE COOPERATIVAS SEGUNDO O SEU CAPITAL SOCIAL MÍNIMO PARA CADA DÉCADA.....	22
TÁBOA 8. CRONOLOXÍA.....	29
TÁBOA 9. NÚMERO DE SOCIOS/AS.....	30
TÁBOA 10. AS ACHEGAS DE CAPITAL INICIAL.....	30
GRÁFICO 1. CONCELLOS CON IMPORTANTE NÚMERO DE COOPERATIVAS DO SECTOR DO MAR CONSTITUÍDAS ENTRE 1945 E 2005.....	19

3 Introducción

O presente informe encádrase dentro do Estudo sobre o *Cooperativismo no Mar: evolución histórica, situación actual e potencialidades*. Para a análise histórica do cooperativismo do mar, motivo deste capítulo, empregamos tres fontes principais de información:

- O estudo documental, nomeadamente recollendo estudos históricos previos. Estas fontes, cómpre sinalar, son bastante escasas e de moi pouco contido temático relacionado especificamente co cooperativismo.
- A análise dos datos fornecidos polo rexistro de cooperativas desde a década de 1940. os datos dispoñibles son os que constitúen obrigas rexistras, sobre todo referidos á fundación das cooperativas.
- O estudo de seis casos concretos de cooperativas no ámbito do mar (cooperativas do mar e cooperativas de traballo asociado inscritas neste sector de actividade) de diferentes dimensións e pertencentes a diferentes subsectores (marisqueo a pé, a flote, mergullo, acuicultura de bateas e armadores).

Os obxectivos formulados para a análise histórica foron os seguintes:

- Realizar unha análise da historia de diferentes experiencias cooperativas no sector do mar, incluíndo experiencias asociativas previas, que houbo nalgún dos casos estudados.

- Delimitar uns puntos de análise conxuntos en canto á historia e traxectoria das diferentes cooperativas a través do tempo, tanto no caso de experiencias que remataron, como naqueles casos, que aínda seguen funcionando na actualidade.
- Incorporar o coñecemento de diferentes experiencias, como know-how, de cara á formulación de diferentes conclusións para determinar as potencialidades do sector.
- Elaborar unha síntese de factores comúns compartidos entre as diferentes experiencias, de cara a abordar problemáticas xeneralizadas no sector.

O ámbito de análise central é a evolución histórica do cooperativismo da pesca en Galicia dende 1940 a 2005, anos referidos a base de datos utilizada, facilitada polo Rexistro de Cooperativas de Galicia, pertencente á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

Finalmente temos que dicir, que a presentación dos resultados da análise histórica non teñen unha formulación ou un sentido autónomo. A información producida pretende integrarse ou servir como punto de partida ao conxunto deste traballo de investigación sobre o cooperativismo do mar.

4 Antecedentes á Fórmula Cooperativa: Os Pósitos de Pescadores

Para falar dos antecedentes máis inmediatos do cooperativismo do mar en Galicia temos que remontarnos á constitución dos Pósitos de Pescadores. Este modelos de organización do traballo no mar aínda que non se definan como cooperativas responden, claramente, a un modelo cooperativo: toma de decisións democrática, e aportacións e distribucións equitativas (Iago Castroviejo, Antonio Nores, 2005).

O modelo de xestión cooperativa dos Pósitos estruturábase en varias seccións que abarcaban a explotación dos recursos pesqueiros, a súa comercialización e mesmo a prestación de servizos financeiros e ata asistenciais. Como exemplo, podemos ver o Pósito de pescadores de Cangas, que se organizaba en sete seccións (Iago Castroviejo, Antonio Nores, 2005):

- ◆ *Sección de socorros mútuos, adicada á atención por enfermidade, morte, paro,...*
- ◆ *Sección para a construción de embarcacións.*
- ◆ *Sección de venda directa de peixe.*
- ◆ *Sección adicada a facilitar créditos aos pescadores.*
- ◆ *Sección cooperativa para o compra conxunta de insumos, útiles ou artes de pesca.*
- ◆ *Sección cultural para o divertimento dos pescadores e para o ensino dos máis cativos.*
- ◆ *Sección de xubilación e de invalidez.*

A actividade dos Pósitos en Galicia tivo certa relevancia ata a segunda República (Iago Castroviejo, Antonio Nores, 2005). En 1923 celébrase a primeira Asemblea da Federación de Pósitos Marítimos de Galicia, e dende 1926 ata 1935 vai ter unha inenterrumpida actividade. En 1934 o número de Pósitos de pescadores integrados na Federación Galega ascendía a 55; o cal supoñían 1/3 do conxunto de Pósitos do Estado. No 1935 creáronse dúas Federacións de Pósitos en Galicia; a do norte, con 25; e a do sur, con 28.

Cos albores da guerra civil española os Pósitos entran en crise (Iago Castroviejo, Antonio Nores, 2005). Os diferentes avatares internos e as confrontacións na forma de entender os Pósitos, especialmente co Instituto Social da Mariña, levan aos Pósitos a unha perda de interese por parte dos seus promotores.

5 Evolución do Sector Pesqueiro en Galicia

Os asuntos marítimo-pesqueiros, durante unha boa parte do período analizado, tiveron unha baixa centralidade na axenda institucional. A expansión en augas internacionais e a modernización da flota (técnica do conxelado, aumento do consumo de peixe, ...) axudou a que a pesca adquirise maior relevancia para o conxunto dos intereses da Administración española.

Así e todo, as primeiras tentativas de incidir na mellora das explotacións dos recursos pesqueiros foi a ordenación referida aos usos das artes de pesca, xa nos anos 70. Nesta ordenación definíanse as zonas de interese para o marisqueo. Neste período tamén se dan os primeiros pasos no estudo e seguimento dos recursos pesqueiros en Galicia coa creación do Instituto de Investigación de Vilaxoán (Pontevedra). Posteriormente, no ano 1984 incidírase na regulación e ordenación dos cultivos mariños a través da promulgación da Ley de Ordenación Marisquera de Cultivos Marinos.

Con todo, a situación institucional do conxunto do Estado e, en particular, de Galicia durante este período (1945-2005) sufriu grandes cambios. A consolidación democrática en España veu a través da configuración do Estado das Autonomías. É neste momento de descentralización institucional do Estado no que a Comunidade Autónoma Galega asume a capacidade de deseñar políticas propias.

A descentralización política do Estado establecida na Constitución de 1978 significou un novo escenario na ideación e implementación de liñas de actuación das políticas públicas relativas aos asuntos

pesqueiros. Galicia parte, como noutros ámbitos, dunha baixa capacidade de incidencia debido á certa indefinición do seu modelo político-institucional no referente a distribución de competencias e responsabilidades sobre a pesca dentro do goberno autónomo.

Na primeira lexislatura da Xunta de Galicia, a configuración do entramado político-administrativo relativo aos asuntos pesqueiros acabou, despois de moitas remodelacións, integrándose organicamente dentro da Consellería de Agricultura. Se a isto lle engadimos a ausencia de recursos e medios neste primeiro momento da autonomía, o resultado é unha escasa intervención dos poderes públicos na xestión do desenvolvemento dos recursos pesqueiros de Galicia.

Así é todo, no comezo da autonomía política de Galicia sentáronse as primeiras medidas da futura política pesqueira. En certa medida, estábanse a trazar as futuras liñas de actuación. Unha das primeiras medidas do goberno da Xunta de Galicia foi creación do Servizo de Inspección e Vixilancia.

Podemos sinalar que, no caso da política pesqueira, o punto de inflexión na súa xestión ven dada pola intensidade no proceso de institucionalización da autonomía galega. A este respecto, o marco político-institucional no que se desenvolve a pesca e o cooperativismo ten un salto cualitativo coa consolidación da institución autonómica. Esta intensidade vén condicionada, en certa medida, polas directrices europeas na necesidade de establecer un marco común e equilibrado na explotación dos recursos marítimo-pesqueiros.

O sector da pesca ten experimentado importantes transformacións durante este período. Algúns destes cambios son debidos a unha importante evolución do sistema de organización e explotación dos seus recursos. Estes cambios son máis intensos no período 1990-2005 no que se produce unha intensa actividade lexislativa e planificadora da Administración autonómica. Durante este período a Xunta de Galicia adquire máis estabilidade institucional coa asunción dun maior número de competencias e recursos. Desta maneira, a Xunta de Galicia vai ser un referente na definición e implementación de políticas relacionadas co ámbito da pesca e do cooperativismo.

Antes deste período (1990-2005) estamos a falar dun sector que parte dunha situación de desorganización e dunha escasa visión de futuro (exceptuando a pesca industrial). As principais características resúmense nos seguintes puntos (Antón Losada. La política de mar: Política de Pesca y consolidación institucional en Galicia. Editorial Istmo. 2000):

- Excesiva fragmentación do sector. Existencia dun número elevado de organizacións.
- Escaseza de recursos. Sobreexplotación dos recursos.
- Feble liderato político.
- Baixo desenvolvemento organizativo da Administración que vai acompañado dun incremento de cuestións complexas que precisan dun maior coñecemento técnico para un adecuado tratamento (proteccións de especies e paros biolóxicos, planificación de vedas, regulacións, etc).

É durante este último período analizado onde se aposta por un maior desenvolvemento da administración relacionada coa pesca. Existe unha maior intervención pola necesidade de definir un modelo de desenvolvemento dun dos principais recursos de Galicia. Esta actitude vén precedida da asunción total de competencias por parte da Xunta de Galicia e por dar resposta a unha cada vez maior esixencia da Unión Europea na xestión da política pesqueira acorde co desenvolvemento sostible dos recursos marítimo-pesqueiros e en consonancia coas necesidades pesqueiras doutros países da Unión.

Neste período elaboráronse diferentes instrumentos de planificación do sector; regulación referida ás artes e aparellos de pesca e viveiros e cultivos mariños, así como diversos Plans referidos ao cultivo de marisco.

Na táboa seguinte recolleemos os aspectos máis salientables deste período que poden axudar a comprender a evolución do sector e do cooperativismo.

Táboa 1. Aspectos principais da evolución cronolóxica do sector

Anos	Administración responsable	Regulación sobre a pesca	Regulación sobre o cooperativismo
1942	Goberno Central		Lei de Cooperativas
1969		Lei de Ordenación Marisqueira.	
1970		Decreto 1238/70 , Plan de Marisqueo de Galicia.	
1975			
1979/ 82	Etapa preautonómica		
1982/ 86	Xunta de Galicia	Estatuto de Autonomía de Galicia (Competencias exclusivas en pesca). Ley de Ordenación Marisqueira de Cultivos Marinos. Regulamento 170/83 da CEE (Política pesqueira común).	
1987/ 90	Xunta de Galicia		Lei de Cooperativas española (1987).
1990-2 005	Xunta de Galicia	Lei 6/91, de Infraccións en Materia de Protección de Recursos Marítimos Pesqueiros. Plans de explotación do Marisqueo. Plan de Ordenación dos Recursos Pesqueiros e Marisqueiros de Galicia. Lei 6/1993 de Pesca. Lei 9/1993 de Confrarías.	Lei Galega de Cooperativas (1998).

A primeira lei do cooperativismo data da I República (1931). Posteriormente, promulgouse a Ley de cooperativas de 1942. A normativa máis recente sobre o cooperativismo está na *Ley 3/1987* e na *Ley 27/1999*. *Ambas leis de Cooperativas non supoñen gran diferenza en canto ao obxecto e ámbito de aplicación.*

Pola contra, a lexislación galega, Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia, distingue entre cooperativas do mar e cooperativas de explotación dos recursos acuícolas. O dato máis significativo desta regulación sobre o cooperativismo no mar é a obriga de posuír títulos administrativos habilitantes para a explotación dos recursos mariños. A lei de Pesca no seu artigo 10 recolle expresamente a necesidade para calquera persoa física ou xurídica que queira exercer a actividade pesqueira de dispor dun título administrativo habilitante outorgado pola Administración responsable, neste caso sería a Consellería de Pesca. As diferentes opcións son:

- a. **Concesión:** trátase dun “uso privativo anormal de bens de dominio público marítimo o marítimo-terrestre...”.
- b. **Autorización:** neste caso estamos ante “un uso privativo normal de bens, de dominio público marítimo o marítimo-terrestre, a título precario...”
- c. **Permiso de actividade:** “... posta en funcionamento e explotación dos establecementos de cultivos mariños ... en terreos de dominio público ou privado que non sexan marítimos o marítimo-terrestres”.
- d. **Permiso de explotación:** “... actividades de explotación a particulares ... dos recursos mariños.”

Sen entrar a valorar os pros e os contras da tipoloxía das diferentes modalidades de títulos habilitantes para exercer a profesión marítimo-pesqueira, hai que dicir que a Administración autonómica a través da súa Lei de Pesca outorga preferencia de títulos aos diferentes modelos de asociacionismo como é o caso das cooperativas.

6 Evolución da Cooperativas no Sector do Mar de 1945 a 2005

Para a análise da evolución histórica das cooperativas do sector do mar tomamos como fonte os datos do Rexistro de cooperativas, e como obxecto de estudo as cooperativas de diferentes tipoloxías que se inscriben na categoría CNAE de Pesca e Acuicultura.

O primeiro ano no que se rexistran cooperativas é 1945, sendo o 2005 o último que tomamos como referencia na delimitación do período a analizar. Son, polo tanto, sesenta anos de traxectoria do cooperativismo no sector do mar os que pasamos a continuación a describir.

O número total de cooperativas do sector do mar constituídas neste período ascende a un total de 234. As cooperativas rexistradas no CNAE de Pesca e Acuicultura representan o 6,41% do conxunto das cooperativas dese período, que suman 3.651. Na Táboa 2 queda reflectida a distribución das cooperativas creadas nestas seis décadas en función do CNAE, destacando o peso de Agricultura, gandería, caza e silvicultura, que representa un 32,98% das cooperativas; seguido do da construción, cun 18,71%, e o da industria manufactureira, cun 17,31%. Despois destes tres grupos, nos que se concentran máis de dúas terceiras partes, seguen en peso relativo o do Comercio, reparación de vehículos a motor, motocicletas, ciclomotores e artigos, cun 7,64% e o da Pesca que estamos a analizar.

Táboa 2. Tipoloxía de cooperativas segundo a actividade do CNAE

ACTIVIDADE CNAE	COOPERATIVAS	
	Nº	%
Agricultura, Gandería, Caza e Silvicultura	1204	32,98%
Pesca, Acuicultura e Actividades dos Servizos relacionados con elas	234	6,41%
Industrias Extractivas	15	0,41%
Industria manufactureira	632	17,31%
Produción e distribución de Enerxía, Gas e Auga	2	0,05%
Construción	683	18,71%
Comercio, Reparación de Vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos	279	7,64%
Hostalería	34	0,93%
Transporte, Almacenamento e comunicacións	123	3,37%
Intermediación Financeira	42	1,15%
Actividades Inmobiliarias e de Alugueiro; servizos empresariais	124	3,40%
Educación	103	2,82%
Actividades Sanitarias e Veterinarias, Servizos Sociais	69	1,89%
Outras Actividades Sociais e de Servizos prestados á comunidade: Servizos Persoais	85	2,33%
Fogares que empregan persoal doméstico	2	0,05%
Descoñecido	20	0,55%
TOTAL	3651	100,00%

A constitución de cooperativas no sector da pesca non segue un ritmo continuo ao longo do período analizado. Moi ao contrario, existen décadas, e mesmo anos, que rexistran números moi altos de inscricións, mentres que noutras a creación de novas cooperativas sofre certos paróns.

Tal como se reflicte na **Táboa 3**, as décadas que máis cooperativas do mar se constitúen son as dos anos 60 e 80. Nestes períodos nacen 126 cooperativas, o que representa máis da metade das cooperativas do sector. Na década dos 60, as altas de cooperativas concéntranse no

segundo quinquenio: nacen 16 cooperativas no ano 66; 10 cooperativas en 1967; 17 en 1968; e 22 cooperativas no ano 69. De feito, esta etapa de forte creación chega ata 1973. Nela promóvense tres tipos de cooperativa (Santos 1994): as de armar buques centrada na obtención de creto privilexiado; as de comercialización e armadores; e as de marisqueo, que, seguindo o Plano Marisqueiro Galego, buscaban 'instituír normas para a parcelación das praias e bancos naturais para a instalación de parques de cultivo de mariscos en réxime de explotación familiar, cooperativas ou outras formas de asociación'.

Na década dos 80 destaca o ano 1989, no que se constitúen 38 cooperativas do sector do mar. Case todas elas son cooperativas de traballo, no sector do marisqueo e acuicultura, orientadas á profesionalización e á optimización das explotacións.

A pesar de que a década recolle un número menor de anos, xa que non existen cooperativas anteriores a 1945, nos anos 40 danse de alta 31 cooperativas. Delas, 11 corresponden ao ano 1949. Segundo Iago Santos (Santos 1994), esta etapa de primeiro impulso responde a unha estratexia para estender ao mundo do mar a fórmula cooperativa aplicada na agricultura (estratexia liderada por persoas como o 'camarada Aparicio', presente en varias asembleas constituíntes).

Nos anos 70 créanse 38 cooperativas no sector do mar, destacando o ano 1973 por rexistrar 10 casos.

As décadas con menor número de altas de novas cooperativas son a dos anos 50, con 13; os anos 90, con 16 cooperativas, e o último período, de 2000 a 2005, con 10 novas altas.

Táboa 3. N° de cooperativas do sector pesca constituídas por década e CNAE, 1945-2005

	CNAE			Total
	05.0	05.01	05.02	
	PESCA, ACUICULTURA E ACTIVIDADES DOS SERVICIOS RELACIONADOS CON ELAS	PESCA	ACUICULTURA	
Anos 45-49	12	19	0	31
Anos 50-59	9	3	1	13
Anos 60-69	31	31	4	66
Anos 70-79	28	7	3	38
Anos 80-89	29	5	26	60
Anos 90-99	8	0	8	16
Anos 2000-05	5	4	1	10
Total	122	69	43	234


Táboa 4. Clasificación cooperativas de Pesca segundo CNAE

CNAE	COOPERATIVAS	
	Nº	%
05 Pesca, Acuicultura e Actividades dos servicios relacionados con elas	6	2,56%
05.0 Pesca, Acuicultura e Actividades dos servicios relacionados con elas	116	49,57%
05.01 Pesca	63	26,92%
05.010 Pesca	6	2,56%
05.02 Acuicultura	41	17,52%
05.021 Acuicultura en augas continentais	1	0,43%
05.022 Acuicultura en augas mariñas	1	0,43%
TOTAL	234	100,00%

Ademais das diferencias rexistradas por períodos históricos, son significativas as diferentes dinámicas territoriais no que respecta á creación de cooperativas no sector. O dato máis salientable, seguindo os datos do Rexistro de Cooperativas, é que son as Rías Baixas as que presentan un maior número de casos. Destacan tamén, fóra deste ámbito, os concellos de A Coruña, con 12, e sobre todo o de Foz, que alberga a 22 das cooperativas constituídas entre 1945 e 2005.

Gráfica 1: Concellos con importante número de cooperativas do sector do mar constituídas entre 1945 e 2005

Entre 8/9 cooperativas do mar	Moaña (8) Rianxo (8) Boiro (9) Bueu (9) O Grove, (9)
Entre 10/12 cooperativas do mar	Ribeira (10) Vilagarcía de Arousa (11) A Coruña (12)
Entre 13/22 cooperativas do mar	Vigo (17) Cangas (21) Foz (22)



Táboa 5: N° de cooperativas do mar constituídas por concellos

Concello	N° Cooperativas por anos							Total
	40-49	50-59	60-69	70-79	80-89	90-99	00-05	
Ares	1							1
Arteixo					1			1
Baiona	1				1			2
Barreiros					1			1
Boiro	1				3	5		9
Bueu			4	3	1		1	9
Camariñas	1			2				3
Cambados				1	1			2
Cangas	1		11	6	2		1	21
Carballo					2			2
Cariño					1			1
Carnota	1	1		1				3
Cedeira	1				2			3
Corcubión	1				1			2
Coruña, A	2		3	6		1		12
Fene		1						1
Ferrol	1				1		1	3
Fisterra	1			1	1			3
Foz			22					22
Grove, O			1		7	1		9
Laracha	1							1
Laxe		1						1
Lugo		1			1			2
Malpica	1							1
Marín	1		2	1				4
Meira								0
Miño	1			1				2
Moaña			4		2		2	8
Mugardos		1						1
Muros		1			3			4
Muxía		1		2	1			4
Oleiros	2	1						3
Oroso				1				1
Ortigueira				3				3
Outes				1		1		2
Pobra do Caramiñal	1				1	1	2	5
Ponteceso	1							1
Pontedeume			1					1
Pontevedra		1	1					2
Porto do Son	2				1			3
Redondela	1							1
Rianxo	1			1	6			8
Ribadeo			1	3				4

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Concello	Nº Cooperativas por anos							Total	
	40-49	50-59	60-69	70-79	80-89	90-99	00-05		
Ribeira	3		1		6			10	
Sada		1					1	2	
Santiago					2			2	
Sanxenxo			1		2		1	4	
Tomiño							1	1	
Valdoviño							1	1	
Vicedo, O		1						1	
Vigo	3	1	9	2			2	17	
Vilagarcía de Arousa			2	1	8			11	
Vilanova de Arousa	1				2		1	4	
Viveiro		1	3	2			1	7	
Xove							1	1	2
Total	31	13	66	38	60	16	10	234	

Táboa 6. Número medio de socios/as promotores/as por cooperativa para cada década

	Nº Cooperativas	Nº Socios por Cooperativa (Media)
Anos 1940-49	31	20
Anos 1950-59	13	22
Anos 1960-69	66	19
Anos 1970-79	38	32
Anos 1980-89	60	8
Anos 1990-99	16	8
Anos 2000-05	10	12

As cooperativas constituídas ata a década dos 70 contaban cunha media de socios e socias promotoras significativamente superior que as das décadas posteriores. Se nas primeiras tres décadas analizadas o número de persoas que promoven as cooperativas roldaba as 20, a partir dos oitenta este número descende a en torno a 10. A década con maior número medio de socios promotores por cooperativa é a dos anos 70, en que ronda as 30 persoas.

Táboa 7. Número de cooperativas segundo o seu capital social mínimo para cada década

	Anos						
	1945-49*	1950-59*	1960-69*	1970-79	1980-89	1990-99	2000-05
0 - 3.000 €	31	13	65	32**	11	7	
3.001 - 6.000 €				2	16	6	7
6.001 - 10.000 €				2	28	1	
10.001 - 20.000 €				1	2	2	1
20.001 - 50.000 €					2		1
Máis de 50.000 €			1	1	1		1

* Nas 3 primeiras décadas todas as cooperativas que aparecen no rango "0 - 3.000 €" teñen un capital de 0 €.

** Das 32 cooperativas que aparecen no rango "0- 3.000 €" na década dos 70, 31 delas teñen un capital de 0 €.

Os datos da táboa x mostran o capital social do conxunto de cooperativas do mar inscritas no Rexistro. Para facilitar unha visión da dimensión inicial das cooperativas de pesca en Galicia e da súa evolución durante o período analizado, agrupamos o capital social en diferentes tramos.

En primeiro lugar, hai que sinalar que as tres primeiras décadas non se contemplan achegas iniciais de capital por parte das cooperativas. Na da década dos 70 unha boa parte das cooperativas non fan tampouco ningunha achega de capital social; este é o caso de 31 das 38 cooperativas inscritas no Rexistro.

Na década dos anos 80, case a metade (28 de 60) das cooperativas do mar fan achegas iniciais de capital social que están entre os 6001-10000€. Se ademais, temos en conta os tramos que van dende 0-6000 (27 de 60), temos que case que a totalidade das cooperativas amosan un perfil de capitalización baixo.

Nos anos 90 e 2000, sendo inferior o número de cooperativas rexistradas, confírmase a tendencia das cooperativas a ter un capital social baixo.

En conxunto, a táboa reflicte un número baixo de cooperativas (14 de 176) que deciden ter un capital social de máis de 10.001€; a maioría ten un capital inferior. Podemos sinalar que o conxunto das cooperativas do mar de Galicia ao longo do período analizado trazan un mapa de baixo capital social inicial.

7 Estudo de Casos

O presente informe elabórase a partir das entrevistas realizadas a unha mostra de cooperativas seleccionadas previamente. Para a realización das entrevistas contactouse cos máximos responsables das diferentes cooperativas, así como, con persoal directivo ou con altas competencias profesionais dentro de cada unha. Foron as cooperativas as que determinaron o perfil idóneo para realizar a entrevista.

En conxunto realizáronse un total de seis entrevistas a diferentes cooperativas. Catro destas experiencias fracasaron e atópanse na actualidade dadas de baixa ou en proceso de liquidación. Pola contra, dúas son experiencias exemplares e cunha dilatada traxectoria de desenvolvemento do cooperativismo dentro do mundo do mar. Estas dúas cooperativas traballan nos subsectores da acuicultura de bateas e no do marisqueo a pé e a flote.

As empresas seleccionadas foron:

- **Ourizo de Galicia, S. Coop.** Experiencia que tentaba aunar a comercialización de ourizo entre varios produtores pertencentes á Confraría de Cangas. Esta cooperativa fracasou por non terlle renovado a administración o permiso para realizar a venda directa, ao pouco de establecerse. Atópase en situación de baixa.

- **Cooperativa del Mar Nosa Cantiga.** Experiencia de máis de 30 anos de barco cooperativo, dedicado á pesca de altura. Esta empresa, cooperativa de traballo asociado, atópase en proceso de liquidación, e nunha situación actual de litixio, por causas relacionadas coa expulsión dun dos socios da mesma, entre outros motivos.
- **Del Mar Larache, S. Coop.** Este proxecto iníciase hai máis de 15 anos. Inician o proceso de constitución da cooperativa estando dous anos loitando para acadar as autorizacións pertinentes para explotar o marisqueo nunha zona de praia, e nunca chegan a inicia-la actividade; posteriormente disólvese. Está en situación de baixa.
- **Arpemar, S. Coop. Galega.** Cooperativa de traballo asociado. Experiencia recente e fracasada relacionada coa explotación baixo a modalidade de mergullo. Inician a constitución da cooperativa, pero por problemas burocráticos denéganselle os plans de explotación dos recursos que solicitaban. Actualmente atópase sen actividade.
- **Amegrove, S. Coop.** Cooperativa do mar. Experiencia exitosa de cooperativismo no sector do mexilón, que contaba cunha experiencia asociativa previa con carácter sólido. Constitúe un referente dentro do mundo da acuicultura de bateas, cun número de socios próximo aos 300. Actualmente está en situación de alta.

- **Sociedad Cooperativa Gallega, Ría de Arosa.** Cooperativa do mar. Ampla experiencia de cooperativismo dentro do sector do marisqueo, ligado a unha parroquia do concello de Boiro, Abanqueiro. Experiencia pioneira na creación dunha hatchery para a reprodución de ameixa. Varias das outras cooperativas fan referencia a esta, coma un exemplo de aplicación do modelo cooperativista e de innovación nos procesos produtivos dentro do sector.

O perfil dos entrevistados:

- **Ourizo de Galicia, S. Coop.** O entrevistado é D. Pablo Villar. Procede de familia mariñeira e ten estudos de Náutica. Foi armador, desenvolvendo traballos como patrón de altura, Patrón da Confraría de Cangas no pasado; tamén desenvolveu traballos como funcionario na Inspección Pesqueira. Actualmente traballa coma xerente e secretario dos órganos de goberno da Confraría de Cangas.
- **Cooperativa del Mar Nosa Cantiga.** O entrevistado é D. Argimiro González Rodal. Iníciase no mundo do mar no ano 1953, cando tiña 13 anos. Andou ao arrastre na Costa da Morte. Marchou logo ao Bacallau, cumprindo os catorce anos en San Juan de Terranova. Remata traballando na zona do Gran Sol, Sahara,.... Empezou realizando tarefas de oficios baixos, engraxador, cociñeiro,... logo fíxose segundo motorista, oficial de máquinas de primeira, e patrón de litoral, e por último aos dezanove anos xa era patrón de altura. Dentro da cooperativa realizou, entre outras, a función de xerente.

- **Del Mar Larache, S. Coop.** A entrevistada é Dna. Consuelo Pidre. Mariscadora de profesión, convértese na Presidenta da Cooperativa. Esta empresa xorde á raíz de varios despedimentos nunha das empresas da zona, entre os cales se atopaba a entrevistada.
- **Arpemar, S. Coop. Galega.** Os entrevistados son dous membros da Cooperativa: Francisco Javier Castro (presidente) e Ricardo Martín (Secretario). Contan con ampla experiencia como armadores no sector da pesca de baixura, con máis de 15 anos de experiencia.
- **Amegrove.** A entrevistada é Dna. Emilia Fandiño, directora de administración da empresa, cunha traxectoria de 20 anos dentro desta cooperativa. Empezou como administrativa, técnico contable, cando se funda a cooperativa. É responsable da administración e organización interna da empresa na atención de cara aos socios.
- **Sociedad Cooperativa Gallega, Ría de Arosa.** D. Luís Santos. Xerente dende o ano 2002 na cooperativa, comparte varios mandatos de diferentes presidentes. Este é o primeiro contacto que ten co mundo do mar e con experiencias relacionadas co cooperativismo no sector.

7.1 Técnica Utilizada

A información obtense mediante entrevista persoal, estruturada e guiada. Cómpre sinalar que en todo momento se deixa aberta a posibilidade do/a entrevistado/a de engadir a información que considere oportuna para o desenvolvemento da entrevista.

A recollida da información faise mediante procedementos dixitais, garantindo en todo momento o sometemento á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. O tratamento que se lle dá á información é de carácter conxunto.

O guión da entrevista delimita os seguintes puntos:

1. **Data e lugar de realización da entrevista.**
2. **Identificación do entrevistado/a.** Acotación sobre a experiencia sectorial e profesional, e representatividade actual, no seus casos, dentro da cooperativa.
3. **Identificación da cooperativa.** Denominación, subsector ao que pertence e situación actual. Dimensión da mesma.
4. **Desenvolvemento inicial da cooperativa.** Experiencias previas. Dificultades e logros na constitución.
5. **Obxectivos.** Determinación de obxectivos individuais e colectivos: coincidencia e diverxencia.
6. **Aspectos sociais.** Liderado. Evolución social. Organización societaria: representación, organización e xestión interna.
7. **Desenvolvemento da cooperativa.** Etapas. Evolución das actividades.

8. **Evolución económica.** Organización do traballo, departamentalización, responsabilidades,...
9. **Relación coa administración ou outras entidades.** Relación co entramado institucional. Influencia normativa e burocrática.
10. **Peche da cooperativa.** (Só para as cooperativas desaparecidas ou en trámites de liquidación). Circunstancias que motivaron a desaparición ou peche.
11. **Valoración final da experiencia cooperativa.**

7.2 Contexto

A xeito de introdución sintetizaremos varios aspectos relacionados coa constitución das diferentes cooperativas, como poden ser a cronoloxía, número de socios e as achegas de capital, esta última onde cómpre ter en conta o nivel adquisitivo de referencia en cada época. Segundo a secuencia temporal poderíamos delimitar o seguinte esquema en función do nacemento das diferentes cooperativas:

Táboa 8. Cronoloxía

Nosa Cantiga	Ría de Arousa	Amegrove	Del Mar Larache	Ourizo de Galicia	Arpemar
1967	1973	1987*	1988	1997	2003

*Nace formalmente coma asociación, no ano 1976, malia a que xa viñan traballando dende o ano 1967.

En función do número de socios poderíamos establecer o seguinte cadro:

Táboa 9. Número de socios/as

Nosa Cantiga	Ría de Arousa	Amegrove	Del Mar Larache	Ourizo de Galicia	Arpermar
13	416	298*	8	8	3

*Pasaron de ser 350 socios cando eran asociación a seren 298 coa creación da cooperativa.

En relación ás achegas de capital realizadas para a constitución da cooperativa:

Táboa 10. As achegas de capital inicial

Nosa Cantiga	Ría de Arousa	Amegrove	Del Mar Larache	Ourizo de Galicia	Arpermar
25.000 ptas. (inicial) (Fondo protección do traballo: 100. 000 ptas.)	600 euros (Actual. Conxelada)	32.000 ptas. por batea (inicial)	125.000 ptas.	3.000 euros (inicial)	1.200 euros (inicial)

7.3 Proceso de Construción e Desenvolvemento das Cooperativas do Mar

- **Imaxe deficitaria das cooperativas.** En liñas xerais, existe unha mala conciencia arraigada no tempo, en canto ás sociedades cooperativas. É de relevo sinalar que esta situación é cara fóra, xa que en liñas xerais, todos os cooperativistas manteñen unha boa imaxe desta fórmula. Esta consideración refírese tanto ás peculiaridades que definen estes modelos empresariais, como ás relacións destas coas confrarías, como entidades de poder asentadas, cun modelo de xestión cuestionable.

“...non é unha entidade ben vista e tes conflitos coa confraría”.

Pódese dicir que as cooperativas, en determinados casos acusan unha deficitaria presenza na Administración, onde se descoñece a fórmula ou se atende de forma marxinal.

“Por parte da Consellería tamén hai un descoñecemento da existencia da cooperativa, que moitas veces lles din que dependen de Traballo, ou que dependen de Pesca, non está claro. Polas competencias dependen a todos os niveis de Pesca. Esta Consellería atópase cunha figura que non é representativa para eles. Non tes un peso específico nin un apoio, porque malia a ter moitos socios, tes unha parte moi pequena de praia e unha facturación moi pequena”.

- **Influencia das Confrarías.** Neste caso albíscanse dous modelos, un modelo de cooperación, colaboración e integración nas confrarías, e outro modelo maioritario fortemente crítico coas confrarías. No conxunto de casos analizados, a postura predominante é crítica coa organización sectorial a través do modelo concesional de confrarías, recolléndose dous casos (ambos na mesma confraría), que optan por un modelo de colaboración. Tamén noutro caso hai un entendemento razoable entre ambas entidades.

“O barco era propiedade da cooperativa”; “A cooperativa móntase dentro da confraría,...”

“A administración non da respaldo a unha experiencia cooperativa, senón que se limitan a apoiar ás confrarías”; “As Confrarías teñen case o monopolio do dominio público marítimo terrestre, e non fan máis que frear o desenvolvemento do sector impedindo que saian adiante outras empresas por celos, porque poder facer máis que eles”; “É un sistema feudal”; “Todos os partidos políticos xogan con elas porque son bases de poder, tanto a nivel estatal como autonómico”; “Pola mala xestión da confraría apostan pola estratexia cooperativa, non deciden iniciar esta experiencia a través da confraría. As confrarías non cadran co desenvolvemento de empresas”.

Noutros casos ao inicio apoiase a construción da cooperativa, pero chega un momento no que se deixa de apoiar.

“Quizais nos vían coma unha posible competencia, ao principio tiñamos o seu apoio, pero chega un momento no que nos deixan de apoiar”.

- **Inexistencia ou deficiencia da formación sobre o cooperativismo vs. alta cualificación nas tarefas do mar.** A escaseza de formación sobre as peculiaridades do modelo, principios e filosofía que inspiran o modelo cooperativo, é determinante na maioría dos casos. Salvo unha excepción, na meirande parte coincide en sinalar que este motivo, estivo no cerne do fracaso das experiencias cooperativas, porque non se chegaba a empapar un da filosofía e fins que se perseguían con esta estratexia. Parello a isto, sinalase que a xente que se integraba nas cooperativas, si que tiñan as destrezas e coñecementos necesarios para realizar os cometidos profesionais do laboreo no mar, pero non tiñan os coñecementos suficientes sobre a organización e funcionamento das cooperativas.

“Dábanche un barco para traballar, non para explotar,... ese barco era un posto de traballo fixo”; “Estabamos formados nas artes e traballos do mar, pero non no movemento da cooperativa”; “...a xente non estaba preparada, si para o mar pero non para o resto” .

- **Necesidade de determinación do espazo físico.** Exceptuando o caso da cooperativa relacionada coa explotación dun barco (A Nosa Cantiga), no resto de casos a determinación dun marco específico sobre o que asentar a explotación de cultivo é determinante.

Neste senso xorde unha problemática importante relacionada coa limitación do dominio público marítimo terrestre, en relación a que este é controlado polas confrarías. A este respecto aprécianse problemas cunha raizame histórica á hora de realizar a explotación dos bancos marisqueiros. A zonificación é unha necesidade para o desenvolvemento dun proxecto cooperativo; isto conleva numerosos problemas, dentro do marco xurídico, e dentro do ámbito competencial das confrarías, ás cales se critican con dureza.

“Na medida en que pretendas explota-lo chocas cos seus intereses, e as confrarías como centros de poder asobállante, porque podes ser unha competencia para eles”; “Este caso apréciase moi ben nas experiencias cooperativas relacionadas coa explotación do marisqueo ou dalgún dos recursos específicos”; “...entregan autorizacións ás confrarías malia a que non explotaban as zonas”; “Esta zona está nas mans dunhas entidades que non comen nin deixan comer... A propiedade dos medios de produción non está nas mans das persoas que explotan a actividade, a diferenza do que sucede coas cooperativas de terra”; “O terreo que pretendían explotar estaba fóra do dominio das confrarías”.

- **Problemas legislativos: réxime de concesións, autorizacións,....**
En consonancia co anterior, sinalouse que na maioría dos casos o marco normativo imposibilitou o desenvolvemento, non só das cooperativas, senón de calquera estratexia empresarial. O carácter provisorio, rompe coa filosofía do mantemento ex tempore dunha empresa. Así é, a duración da empresa está supeditada á decisión por parte da administración de conceder ou denegar a autorización, para realiza o correspondente traballo; neste senso, as posibilidades de continuación ante unha denegación, debido á forte ligazón a un recurso, son inexistentes.

“Unha empresa con proxectos de futuro, cunha inversión e cun capital, non lles poden dicir que dentro de tres anos, non che renovan a autorización. A autorización é en precario e renóvanse cada tres anos”; “... a excesiva lexislación do sector imposibilita o desenvolvemento e volve ás cooperativas menos áxiles”.

Se ben en determinados casos a administración tamén apoiou procesos, ben na consolidación das cooperativas, ben na concesión de axudas ou na formación de xente, tamén se establecen algunhas críticas.

“As axudas do cooperativismo non lles valen de nada se non lles deixan traballar. Cando ves que lles dan axudas a empresas que cotizan en bolsa, que teñen arrastreiros, acuicultura, explotación, extracción, comercialización, loxística, transporte, que teñen todo, grandes empresas, chegas á conclusión de que pouco poden favorecer ao social, e ás pequenas experiencias. Máis do 80% das axudas leváronas as grandes empresas do sector (dato non contrastado)”.

- **Condicionantes políticos e sociais.** Apontóase que en certos casos entraban nas cooperativas persoas que non eran do ámbito do mar, polo cal chegaron a xerarse conflitos de entendemento.

“Cando foi que se montaron as cooperativas montáronse mal, porque entrou esa xente que non era do mar”.

Noutros casos, a implementación de determinadas políticas sectoriais, como foron o Plan Galicia (1989-1995), non favoreceron o desenrolo, malia a que pretendían que despuntase o sector marisqueiro.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

*“Tentan que o marisqueo despunte cun montón de despilfarro de diñeiro”;
“...inexistencia dun proceso de formación da xente, dun control do custo do Plan Galicia, que foi unha grande sangría da Xunta, porque supuxo un enorme despilfarro, ... que se precisaban pochóns, tres tráileres, se había que poñer ostra, o que fixese falta,... sen concienciar á xente do que tiña que facer. Non se fixo un proceso de formación da xente, de control do custo e tirouse para adiante”.*

Tamén se suscita a comparanza coas cooperativas do mundo agrario, sinalando que as posibles diferenzas entre o fracaso e éxito de ambas, dependan de que a propiedade dos medios de produción está en diferentes mans: privadas e públicas.

“No mundo da terra funcionan ben e teñen apoio da administración, pero no mundo do mar non acaban de arrincar”.

- **O marisqueo como actividade complementaria.** Exceptuando un dos casos relacionado coa produción mexilloeira, no resto a actividade cooperativizada entendíase coma xeradora duns beneficios complementarios e non exclusivos para as unidades familiares, malia a que nun dos casos se pretendía isto último. Tamén se pode sinalar, que a explotación de determinados produtos era unha maneira de complementar os recursos económicos, debido á situación deficitaria que se estaba a padecer no sector.

“...pretendíase que non fora só un complemento, senón que houbera xente que puidese vivir desto e ter un salario digno”; “Íanse meter a explotar recursos que non fosen das confrarías”; “Querían facer extracción, transformación e comercialización. As algas hai que extraer moita cantidade para que sexan rendibles. Isto sería algo que completaría a nosa actividade, xa que co do Prestige...”.

- **Xacementos de emprego.** O detonante da constitución dalgunha cooperativa, devén como unha alternativa de autoemprego, a raíz dunha situación de paro xeneralizado tra-lo peche dunha industria local. Cómpre dicir que en todos os casos a cooperativa é apreciada como unha alternativa de emprego sólido e estable, así como unha iniciativa de autoemprego.

“Era un momento no que non había traballo, e que moita xente acababa de ir ao paro por conta dunha empresa que pechara, entón é cando a xente decide facer unha cooperativa de marisqueo”; “Coa cooperativa posibilitaban que se fose metendo xente nova, ... pensaban que a praia tiña que ser traballada coma un campo, non se podían dedicar só á extracción”.

- **Problemas biolóxicos.** A determinación de optar por unha estratexia de asociación, xorde a raíz duns problemas relacionados coa aparición de toxinas, na explotación de bateas, o cal foi o detonante. Existía un malestar xeneralizado, que leva á xente a optar por unha estratexia unitaria, de cara a solucionar o citado problema.

“Xúntanse a raíz das primeiras toxinas que aparecen. Problemas coas toxinas xa existían, pero no 1977, é cando empezan a ter difusión pública por primeira vez”; “Débese establecer un bo control do tema das toxinas, porque as guerras neste sector veñen por aí”; “Deben vixiar cando hai épocas de toxinas, mirar o que hai e o que se fai”.

- **Estratexia comercializadora.** Son varios os casos onde se inicia a andadura das cooperativas, a raíz de factores relacionados coa comercialización dos recursos.

A fragmentación na que se atopaba o sector do mexillón facía que a venda individual, cos sacos ao lombo de depuradora en depuradora, non xerara un mísero beneficio para os bateeiros aparte da sensación de fracaso, polo cal precisaban dunha estratexia conxunta para incrementa-la rendibilidade do produto.

“Nese momento inicial ven que a única maneira de vender o mexillón e sacarlle algo é asociándose e traballando todos en común”; “Querían medrar para poder comercializar, e a cooperativa era unha fórmula xurídica que se parecía bastante á que tiñan, pero que lles permitía involucrarse no mercado e obter uns beneficios a partir do produto”.

A sobreexplotación á que se vían sometidos recursos como o ourizo, e a consideración por parte do sector das posibilidades de desaparición do recurso se se seguía esquilmando desa maneira, leva a un grupo de persoas a construír unha cooperativa. A única alternativa para facer rendible a empresa era a de optar pola venda directa, o cal se fai mediante autorización da Consellería de Pesca, por ser un recurso con explotación diferencial. O problema virá máis tarde coa denegación da venda directa, motivo que provoca a disolución da mesma cooperativa. Esta experiencia contaba con acordos puntuais con outras confrarías para a explotación nas súas augas, e acordos comercializadores que garantían a viabilidade do proxecto.

“A cooperativa xorde a raíz de problemas relacionados coa comercialización. A especie (ourizo) tiña unhas cotas de explotación moi elevadas e uns prezos moi baixos”; “Tentouse buscar unha fórmula que posibilitase unha explotación racional dese recurso, garantir a rendibilidade para a xente que se dedicaba a iso”.

- **Dificultades á hora da creación das cooperativas.** En liñas xerais, sinálanse que son varios os atrancos e as dificultades coas que se atopan á hora de iniciar empresas deste tipo.

Se ben nalgúns casos o apoio da administración é explícito, noutros é cuestionable.

“Despois de presentar o informe da explotación por segunda vez, solicítanlles que actualicen os datos que figuraban no informe anterior. Despois ben denegado”.

Dende o ámbito privado as dificultades son numerosas, porque moitas veces, constitúense nun competidor a maiores dun mercado xa establecido, ...

“Había quen estaba de acordo en avanzar e quen non... Cando deciden comprar a depuradora había xente que estaba a favor de avanzar e outras que vían que podían ser unha competencia das depuradoras existentes e que se podían enfadar... aquí hai unha pequena fisura e vaise unha parte importante de socios e bateas”.

...ou teñen dificultades á hora de obter financiamento.

“A nivel de financiamento custou moito entrar a traballar cos bancos, porque non había moito feito e para os bancos as bateas eran un artefacto no mar, que non se sabía moi ben para que valían, non é como hoxe que ter unha batea é como ter aí un capital... os socios respondían co seu patrimonio particular, coa terra e coa casa, non coas bateas, xa que non tiñan moito valor”.

7.4 Obxectivos Básicos das Cooperativas

Dentro dun abano máis amplo, temos que destacar que, na maior parte dos casos, compártese o obxectivo de xerar valor engadido e obter rendas complementarias para as economías familiares.

- **Explotación racional dos recursos.** Neste senso, hai que salienta a existencia dunha concienciación moi importante, da importancia de coidar o medio mariño. Xeneralízase a opinión de xerar unha cultura de traballo sustentable no tempo que compatibilice un traballo axeitado cunhas prácticas sostibles. Foméntanse prácticas de acuicultura fronte a prácticas puramente extractivas e esquiladoras do medio.

“...unha fórmula que posibilitase unha explotación racional dese recurso”;
“...nós imos ser os primeiros interesados en que se manteña o recurso, porque vives diso”; *“Cultivan ameixa exclusivamente e están iniciando un proceso coa ostra, están vendo como optimizar o crecemento co menor custe”;* *“Pensaban que a praia tiña que ser traballada coma un campo. Non se podían dedicar só á extracción”;* *“Marisco había moito, pero ao coller, coller e non sementar...”.*

Tamén se acota a explotación racional dos recursos en base ao marco territorial, facendo referencia á xestión do litoral propio.

“Que fagan algo coma o Banco de Terras, e que se alguén ten o mar sen traballar que llo saquen e que llo dean a quen o traballa”; *“Pretendíase no seu momento a explotación racional do ámbito territorial que tiñan nos seus estatutos, o cal non se lles permitiu. Négaselle ao concello de ... a explotación destas praias, malia que é dominio público marítimo terrestre. Hai confrarías que traballan ben e confrarías que suman metros cadrados. Non hai rendibilidade e iso ás confrarías dálle igual”.*

- **Fomento do traballo.** Téntase garantir a existencia de postos de traballos estables, no entorno no que se desenvolven, asegurando o melloramento económico e social, para o cal se constitúen en cooperativas de traballo asociado.

“...parecíalles que era unha boa medida para facer que houbera un enganche de xente e unha continuidade no traballo”; “... ese barco era un posto de traballo fixo, e tes unha lei de sucesión para que cando te canses ou te xubiles poder deixarllo aos teus fillos”; “A cooperativa é unha forma de autoorganización do traballo”.

- **Comercialización de produtos do mar.** Óptase por unha estratexia de continuidade do traballo, adaptándose ás condicións que demanda o mercado. O garantir a comercialización a través da cooperativa, é a única maneira de xerar valor engadido á extracción dos produtos. Ao non realizar a comercialización, os beneficios quedaban nos intermediarios.

“A cooperativa tentaba facer produción e comercializar produtos o mar... querían facer extracción, transformación e comercialización”; “Hai que eliminar intermediarios e que a xente do mar faga as cousas directamente”; “Entón deciden eles comercializar directamente o produto e pénsase nunha figura empresarial, que fora idónea, óptase pola cooperativa”; “Hai que darlle ao mercado o que realmente quere”.

- **Innovación e desenvolvemento.** Unha das principais apostas, entre o cooperativismo do sector, é a innovación en canto a técnicas de cultivo e novos produtos. Opínase que os modelos de confrarías coartan ou impiden, na meirande parte dos casos o desenvolvemento e a innovación, mentres que nas cooperativas sucede o contrario, xa que se tentan superar e procurar novas vías de traballo, fronte ás estratexias conformistas doutras fórmulas.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

“Habería que facer acuicultura e non recolección. Extrapolar modelos de traballar de varios sitios e conxuga-los”; “ Hai unha hatchery, a primeira en Galicia no sector do marisqueo...O proceso de sementeira é algo adaptado ás necesidades de aquí, pero que se facía en Irlanda. Tamén se podería mecanizar o sistema e facer algo como a extracción do berberecho en Holanda,...hai que coller o bo de cada sitio... Habería que modernizarse e facer as cousas doutra maneira”; “A primeira experiencia de preengorde do rodaballo fíxose na cooperativa...”; “A cooperativa ten esa impronta de innovar e mellorar. Non se pode pretender chegar a un punto e non avanzar. O vello vai morrendo e vai aprendendo”.

Tamén se citan como referencia algúns proxectos específicos de renovación do sector, que miran cara unha explotación de carácter sostible e respectuosa co medio mariño. Consiste nun proxecto integral de eliminación de residuos. Trátase de construír unha planta en terra para procesar o mexillón que ven directamente do mar sen limpar. Neste caso procesaríase evitando que os escombros fosen a parar ao fondo do mar.

“Dependemos de máis dunha administración, por iso é difícil poñe-los de acordo. A administración gústalles o proxecto pero, non se acaban de involucrar nel”.

Tamén se sinala a importancia da formación ligada á innovación no sector.

“Mantéñense e tentan innovar con procesos de formación, é a única maneira de innovar”. Tentar completar o ciclo produtivo ata o consumidor final como estratexia de cara á innovación, mellora e obtención de maior rendibilidade”.

- **Incremento da rendibilidade: diversificación das actividades.** Para xerar maior valor engadido aos produtos e asegurar unha continuidade nas explotacións, fronte a problemas como poden ser as toxinas, óptase por estratexias empresariais que garantan a continuidade do traballo, aínda en épocas que non se pode ir ao mar. Neste senso increméntase o abano de actividades da cooperativa.

“Na depuración baixaron bastante e ven que no mercado elaborado: patés, mexillóns en salsa, -o dámo feito- está a medrar máis. Estase medrando cara esa parte...”; “Dende a cooperativa estase pensando sempre en aumentar a actividade”; “Agora mesmo están pensando en acondicionar unha parte que quedou sen construír para empezar a producir os produtos xa elaborados: patés, salsa, outras presentacións”; “Diversificar as actividades para adaptarse ao mercado e ás condicións da extracción do mexillón. Báixase en fresco e depuración e médrase en produto elaborado”; “Extraer o ourizo e incluso procesa-lo, extraéndolle a gónada”.

7.5 Relacións coa Administración e Outras Entidades

Dentro deste apartado diferéncianse fundamentalmente as relacións con:

- Consellerías de Pesca e Traballo, Administración Central do Estado
- Confrarías
- Outros axentes

- **Relacións coa Consellería de Pesca.** En xeral, apreciase unha boa relación, se ben en determinados casos se critica a excesiva carga burocrática que imposibilita o desenvolvemento áxil de moitas actividades, ou se matizan diferentes aspectos, referentes a delegacións ou mesmo ao persoal funcionario.

“Coa administración autonómica agora mesmo hai unha boa relación, se ben no anterior goberno era unha relación pésima. Neste momento a Consellería de Pesca apóíanos e hai interese en que estean nalgunhas cousas que antes non estaban”; “Para a modificación da nova lei de pesca presentaron alegacións e unha serie de modificacións. Fixéronse as primeiras mesas de traballo, logo non sabe”; “A día de hoxe estamos a traballar coa Consellería, para ver que fórmulas dentro das cooperativas poderían utilizar...”; “Depende da delegación que che toque...”; “Ás veces é máis a persoa na administración que outra cousa”.

Cómpre dicir que a opinión actual tamén difire, dependendo dos casos. Noutros criticase a actuación de deixadez da mesma.

“Na última etapa botan de menos que a Consellería se involucre co sector, e cando o fan é máis de maneira negativa que positiva”; “En canto á Lei de Pesca, a participación na redacción iníciase con mesas de traballo, pero logo convócanos para dicirnos que non vai haber nada e que fagan achegas a través da web”; “A administración non da respaldo a unha experiencia cooperativa, senón que se limitan a apoiar ás confrarías”.

- **Relacións coa Consellería de Traballo.** A relación con esta consellería límitase a tramitacións burocráticas relacionadas co rexistro das cooperativas, formación, axudas, publicacións,...

“Están a traballar coa Consellería de Pesca e de Traballo, para ver solucións a estes problemas. Están tentando montar a maiores unha unión de cooperativas do mar, para ver os problemas comúns que teñen e ver que poden facer, que solucións lle poden dar. Se hai máis unión poden demandar máis cousas ante as consellerías ou seguridade social, porque estes van a apreciar que son problemas comúns que se estenden a todo o sector”; “...si que demandamos axuda cando foi da conversión á Lei de Cooperativas de Galicia,...”.

- **Relacións coa Administración do Estado.** Este apartado cínguese só ao ámbito competencial da Demarcación de Costas, o cal afecta a todos por igual, non só ás entidades cooperativas.

“O único problema que temos a día de hoxe coa administración do estado, é coa determinación de costas, co permiso para as novas instalacións. Isto é independente do tipo de entidade que sexas. Pasaron ó extremo contrario. Se seguen así terán que facer a piscifactoría en Santiago. O criadeiro de ameixa si que debería estar á beira do mar.”

- **Relacións coas Confrarías.** Neste apartado as relacións soen ser bastante tensas, agás en dous casos, entre os que cómpre citar á Confraría de Cangas, na que se integraron xa varios proxectos cooperativos. Por outra banda, hai quen mantén boas relacións coas confrarías da beira ou boas relacións con confrarías de fóra..

“Inexistencia de relacións coas confrarías da beira, con outras hai bos contactos, e se estivesen á beira podían ter chegado a algún tipo de acordos”.

“Todas as confrarías teñen instalacións novas e en zonas portuarias. Ás confrarías danlle as parcelas, a Xunta failles a nave e pónenas a funcionar. En canto as instalacións teñen todo resolto. Para a cooperativa non hai nada, e o que non pode ser é que se ti queres facer unhas instalacións, que as teñas que facelas a 30 quilómetros da praia que ti xestionas”.

“As confrarías nun principio apoiaban, porque nos vían a todos sen traballo e non había problema, pero logo deberon calcular o que podíamos sacar se traballabamos esa zona e botáronse atrás”.

Tamén se sinalan diverxencias en canto á explotación dos recursos, coa utilización de métodos abusivos co entorno natural; utilízanse métodos esquilmadores e recolectores, non utilizando técnicas de cultivo axeitadas. Tamén se sinala a inexistencia de criterios de rendibilidade entre confrarías.

“Moitas das confrarías traballan pola subvención”; “Hai confrarías que traballan ben e confrarías que suman metros”; “No hai rendibilidade e iso ás confrarías dálle igual”; “Hai que esixir unha rendibilidade”.

Como caso concreto:

“Na maioría das confrarías ven con receo que haxa grupos que se poidan independizar e que vaian por libre. En Cangas apóiase a que a xente se decide a tomar iniciativas para que se autoxestione. Non teñen porque estar tutelados, quen son mellor que os propios produtores para organizarse”; “Para as confrarías sobran ou estorban. As Confrarías non ven de bo agrado que si hai unha reunión de entidades asociativas na Consellería de Pesca, que estean eles presentes”.

En canto á delimitación das confrarías como estratexias empresariais.

“A normativa favorece ás confrarías e estas están moi limitadas hoxe en día para competir no mercado mundial. As confrarías son entidades sen ánimo de lucro e están aí na comercialización. As confrarías teñen que ter máis unha labor social, e ten que haber unha figura paralela que se dedique á comercialización, organización da produción,... hai que clarificar ese ámbito. A maioría non está a favor disto porque lles resta poder”.

- **Consello Regulador da Denominación de Orixe.** Neste aspecto criticase a pasividade do mesmo e a deficiente relación co entramado cooperativo.

“Ineficiencia do Consello Regulador do Mexillón...”; “A normativa do Consello Regulador é moi ambigua”; “Dende Pesca deberían ver a forma de que o Consello Regulador tivese uso e se utilizase como unha arma de representación do sector”.

7.6 Evolución Societaria

- **Evolución social.** En canto á variación de número de socios mantense o número dos mesmos, por regra xeral, agás no caso das grandes cooperativas que tenden a diminuír, por circunstancias puntuais no tempo.

“Cando se empeza tiñan 537 bateas e andaba sobre 350 socios; a día de hoxe teñen sobre 339 bateas e 298 socios. Foise baixando porque hai bastantes estampidas, foise bastante xente”; “Cando deciden comprar a depuradora había xente que estaba a favor de avanzar e outra que vía que podían ser unha competencia das depuradoras existentes e que se podían enfadar e ver isto como malo. Aquí hai unha pequena fisura, onde se vai unha parte importante de socios e bateas”.

En función do tamaño, cómpre salientar que catro delas tiñan un número reducido de socios, en torno aos 10, que se amplía posteriormente ata os 30. Isto inflúe no funcionamento dos órganos de goberno da cooperativa, xa que nas que teñen un número máis limitado de socios sóese facer todo de maneira máis

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

informal, segundo explicitan os entrevistados. Nas grandes cooperativas, co paso do tempo, atopamos as dúas vertentes, ou diminúe a participación asemblearia, ou tamén se mantén nunha proporción considerable.

“...e logo está a Asemblea, a cal quizais fose antes máis participativa que agora. A xente é moi cómoda, sabe que a cooperativa está traballando e asisten ás asembleas, pero quizais con menos interese que ao inicio, cando estaba arrancando. Agora ben xente nova que ve que isto xa está en marcha, e son máis cómodas”; “Mantense a participación asemblearia, en torno a un 40% do total de socios”.

O sector do mar é un sector conservador. Mantense a estrutura de sempre, se ben no caso dos Consellos Reitores se realizan renovacións parciais

“Non é bo que se perpetúe un Consello Reitor, pero tampouco é bo que se renove totalmente, porque perdes continuidade”.

Dende as cooperativas tamén se demanda cada vez persoal con maior nivel de profesionalización e especialización.

“Os socios saben facer moi ben os traballos do mar, pero son moi reticentes á hora de recadar profesionais cualificados para a área produtiva, quizais porque ven que os poden suplantar”.

Tamén se recollen cambios na mentalidade dos socios.

“Os socios novos a diferenza da xente vella, teñen todo feito. Antes ían co mexillón no saco de depuradora en depuradora e moitas veces marchaban coa cabeza baixa e sen o saco. Agora a xente atopa a conta chea e o único que fan e vir a ver cando teñen que sacar o mexillón, ir ao mar e aos dous meses ter os cartos do mexillón no banco. Para moitos a cooperativa remata aí, o cal non é así”.

- **Evolución Económica.** A este respecto cómpre sinalar as diferenzas entre as cooperativas que fracasaron e as que se manteñen. Pola traxectoria de todos, vese que a evolución económica é positiva, motivo polo cal cómpre dicir que dende o punto de vista económico, a cooperativa é unha estratexia moi viable. Se se teñen que determinar motivos da desaparición das cooperativas, haberá que situalos en ámbitos diferentes ao da viabilidade económica das explotacións.

“Funcionan moi ben o primeiro ano. Eran sete ou oito socios, con embarcacións. Chegaron a acordos con Francia e Asturias”; “O capital foise incrementando cos beneficios que tiña a cooperativa. Despois o financiamento si se foi obtendo e só houbo que acceder unha vez ao capital dos socios”; “No ano 1990 a cooperativa tiña unha rendibilidade por metro que multiplicaba por 200 ou 300% a rendibilidade que tiñan nas confrarías”; “Mentres que a vaca estaba enferma non a quería ninguén, pero agora que está chea quérena todos”.

Onde se aprecia unha discontinuidade, é nun dos casos relacionados coa actividade marisqueira.

“Tendencia á baixa, En marisqueo a pé obtense unha rendibilidade moi alta, pero en marisqueo a flote estase en franco retroceso. (O marisqueo a flote supón o 60% dos ingresos da cooperativa. Houbo numerosas mortalidades masivas, evacuación de áridos). Téntase manter a actividade e continuidade da cooperativa”.

En todas as cooperativas, que chegaron a funcionar se tentou incrementar o abano de actividades, tentando ao mesmo tempo acadar un maior rendemento económico.

“Estase medrando cara esa parte. Hai que pasar de cocer a da-lo máis elaborado. Non é que queiran deixar o fresco, pero é o que máis se demanda”; “Tamén teñen na cabeza o que é a eliminación de residuos, e para iso teñen un proxecto... montar unha nave onde se limpe, elabore antes da cocción e o escombros se procese noutra parte e non se tire ao mar”.

“No ano 1983, tiñamos fondos e compramos un barco máis. Coma a cooperativa ía un pouco ben compramos outro barco, o Massau 35”; “No ano 1990 tentamos transformar o Cantiga, facendo rampero...”

“Cultivan ameixa exclusivamente e están iniciando un proceso coa ostra, están vendo como optimizar o crecemento co menor custe”; “Queremos chegar ao consumidor final e para iso hai que ter unha depuradora, un centro de expedición que non temos”.

7.7 Disolución das Cooperativas

Dentro da análise histórica de casos, catro dos que analizamos fracasan, manténdose na actualidade as dúas restantes, como cooperativas de dimensión considerable (máis de 300 socios). Dentro dos catro que fracasan, é conveniente sinalar que en dous deles se constitúen formalmente como cooperativa, pero nunca chegan a traballar como tal, debido aos impedimentos que tiveron por parte da administración.

As grandes etapas neste eido veñen relacionadas co paso de estratexias asociativas á constitución formal de cooperativas. Tamén cómpre sinalar, que catástrofes de tipo externo, como poden ser problemas biolóxicos, riadas,..., fan que en moitos casos se disolvan as cooperativas, a raíz de mortalidades masivas dos recursos explotados, algo que sucede de maneira case regular.

En canto ás circunstancias que posibilitaron a desaparición das cooperativas, que estamos a analizar, sinálanse as seguintes:

- Factores como a inexistencia de liderado ou unha función xerencial deficiente, conlevaron á desaparición de varias cooperativas.

“Cando entrei na cooperativa o primeiro que lles dixen foi: que se non había un xerente que os representase que el non entraba na mesma. Eran trece para ir ao mar e tiñan o secretario en terra. Querían un xerente, pero non da cooperativa, senón de fóra da cooperativa, que os representara e que os levara, xa que eles ao estar no mar non tiñan tempo para dedicarse ás xestións que había que facer en terra”; “A falta de liderado tamén influíu”.

- Por outra banda circunstancias persoais como desmoralización, deixadez, excesivo tempo de traballo fóra, tamén fraguaron a desaparición das cooperativas.

“A xente desmoralizouse, e houbo unha serie de xente que por diferentes motivos persoais se apartou do proxecto e non puido continuar. Esas dificultades conlevaron a que o proxecto non caíra”; “O problema era que non viñas á casa por tres meses, e entón había algúns que non querían... para saír do bache no que estaban, tiñan que asumir o dos tres meses... había que ir. Con este tema houbo unha revolta”; “Non é que se desanimaran, ao final fórono deixando”.

- As diferenzas salariais...

“ Cada un cobraba en función do posto que desempeñaba, malia a que as achegas iniciais foran as mesmas”; “A entrada fora a mesma para todos pero cada un gañaba diferente en acordo ao seu posto. Estas diferenzas tiña que haber-las coma se fose unha empresa normal”.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- As malas etapas sempre veñen relacionadas coas toxinas, desastres naturais. Nestes casos concretos, hai que dicir que estas cooperativas non desapareceron, pero que si tiveron bastantes problemas para saír adiante, chegando case incluso a formularse a disolución; foron puntos moi críticos.

“Por este motivo a cooperativa creou a sociedade, e montou o cocedoiro, para ter actividade cando non puidesen traballar por culpa dos paros... Sempre son axentes externos os que fan máis dano no sector; “A cooperativa estivo dous anos sen ingresos, por culpa das mortalidades masivas e pola evacuación dos áridos por culpa dos temporais, malia todo non despediu a ninguén. A cooperativa trata de manter os postos de traballo e darlle seguridade no tempo. Empézase a saír da mala situación, pero hai falla de ingresos”.

- Circunstancias políticas e tramitacións burocráticas, tamén semellan ser causas de fracaso:

“Nós como cooperativa non chegamos a fracasar, o que sucede é que non nos deixaron traballar, ben por cuestións políticas ou doutra índole”; “Nós tentábamos traballar, e para iso creamos a empresa, para poder traballar”; “Foi todo política, non foi porque non tiveran proxecto, porque non se dera alí o marisco,...”; “Á hora de iniciar unha actividade dinche que si, pero despois atópaste con problemas territoriais, de autorizacións,...”; “A Consellería non nos autorizou a venda directa pola forte presión que exerceron os comercializadores. En toda Galicia tres ou catro controlaban todo o mercado do ourizo, co cal posteriormente fixeron manobras nas lonxas para que nós quedáramos fóra”.

7.8 Outros Aspectos

Na totalidade dos casos estudados, existe unha conciencia xeneralizada da importancia de fomentar o cooperativismo no mundo do mar, como estratexia de desenvolvemento do sector. Todos os entrevistados coinciden, incluso naqueles casos nos que houbo problemas, en que volverían a montar unha cooperativa, xa que esta opción é a que máis se adapta ás peculiaridades do sector, ao tempo que se converte nunha alternativa de autoemprego. Tamén se incide na necesidade de promocionar a figura cooperativa, xa que en determinados casos aínda segue tendo unha mala imaxe.

“A día de hoxe están montando outra cooperativa para a explotación de polbo en bateas, na cal participa a confraría montando a batea. É unha experiencia experimental, aínda non rendible, pero participada polos membros da confraría”; “Volvería a montar outra cooperativa, e no momento que vira que alguén se apartaba das ideas cooperativas, habería que bota-los”.

A excesiva tutela e regulamentación do sector, pode coartar o desenvolvemento do mesmo. Neste senso, hai quen opina que canto máis se regule, máis difícil será posibilitar o arranque do sector. Queda de manifesto que é de vital importancia, regular con outro sentido o tema das autorizacións administrativas, xa que o seu carácter de precariedade, rompe coa idiosincrasia de calquera fórmula empresarial, que pretenden manterse no tempo.

“Se tes autorizacións en precario a vida da empresa periga”.

Noutros casos, dá a sensación de que a Administración ten que regularlo todo, porque senón os recursos perigan ou poderían esgotarse. Ante isto hai quen comenta que:

“...xa que nós imos ser os primeiros interesados en que se manteña o recurso, porque vives diso”.

Malia ás críticas relacionadas na relación coas confrarías, tamén se deixa ver, que é mellor avogar por modelo de coexistión, que posibilite unha integración das cooperativas dentro das confrarías. Opínase que romper de golpe, podería supor máis problemas que beneficios.

Nas dúas cooperativas, que funcionan actualmente existe un problema serio en relación ao relevo xeracional. -Nunha das cooperativas que desapareceu, un dos factores que favoreceu a súa desaparición, foi o primeiro relevo xeracional que houbo-. Este relevo afecta e supón tamén un cambio de mentalidade en relación á dos socios fundadores.

“As bateas son concesións, polo cal os fillos non queren desfacerse das concesións, porque é un capital que tes aí, pero tampouco queren traballar nas mesmas, xa que están noutro ámbito. Entón xorde o problema de cómo explotar as bateas, xa que a xente non as quere perder; hai algunha persoa que incluso está esperando polos netos. ¿Cómo se lles pode axudar entón?.¿Que fórmula ou sistema podemos usar para solucionar este problema?. Neste ámbito chocan os organismos”.

No caso concreto da explotación das bateas, preséntase o citado problema de sucesión, tendo a maiores unha serie de incompatibilidades administrativas.

“Para entrar na cooperativa tes que ser concesionario, pero para que a Consellería che dea a concesión tes que ser socio da cooperativa. Este é un problema, xa que a cooperativa se está vendo obrigada a dar de alta un socio antes de ser concesionario. A isto hai que buscarlle unha pequena solución. Necesitas que a administración se sente e negocie estas cousas”

Ante este problema a cooperativa podería asumir a adquisición das bateas, pero entón xeraría unha porción de capital, que comezaría a destruír a filosofía da cooperativa.

“...pequenas empresas familiares están sendo absorvidas por empresas máis grandes que si poden explotar o recurso e que as compran”; “Se a cooperativa empeza a asumir bateas dos socios empezará a ter un capital propio. Se a cooperativa, asume bateas de persoas que non poden explotalas chegaría un momento no que xa non sería cooperativa, que esta contaría cun capital propio, polo cal xa se iría perdendo a esencia cooperativa. Se se fai así pérdese a filosofía do asociacionismo”.

7.9 Conclusións

Para a análise histórica:

- O modelo da empresa cooperativa ten unha tradición visible no ámbito do mar en Galicia, que ten os seus piares na constitución dos Pósitos de Pescadores nas primeiras décadas do século XX. Destaca o feito de que os Pósitos galegos chegasen a supoñer en 1935 un terzo do total dos rexistrados no Estado. O estalido da Guerra Civil marca un brusco freo a esta actividade.
- A partir da década de 1940 rexístrase a creación de cooperativas no ámbito do mar. Entre 1945 e 2005 o número total de cooperativas constituídas foi de 234, identificándose como activas no momento da realización do estudo un total de 35. O número de cooperativas do mar creadas neste período é significativamente menor en comparación coa dinámica rexistrada noutros sectores, como o da agricultura, a gandería, etc.; en concreto, supón tan só o 6,4% do total de empresas cooperativas rexistradas nestes 60 anos.
- Cómpre destacar, a este respecto, que a constitución de cooperativas non seguiu unha pauta constante, senón que visibiliza diferentes "momentos" de maior ou menor actividade. As décadas dos 60 e dos 80 mostran unha especial actividade, por canto máis da metade do total de empresas constituídas no período analizado sitúase nestes anos. Seguiron, nun primeiro momento, un obxectivo de aproveitar apoios ou instituír normas para unha explotación racional, e concentráronse no ámbito dos armadores, da comercialización e do marisqueo. E procuraron, nun segundo momento, unha maior profesionalización e optimización dos

recursos, concentrada no sector do marisqueo e a acuicultura.

- Do mesmo xeito, a creación de empresas cooperativas mostra unha distribución xeográfica desigual, por canto é a área das Rías Baixas a que concentra un maior número de casos nos 60 anos considerados. No que toca a súa distribución por Concellos, destacan os de Foz (con 22 casos), Cangas (con 21), Vigo (con 17) e A Coruña (con 12).
- Ate a década dos 70 non se rexistran as primeiras tentativas de ordenación da explotación dos recursos pesqueiros, centrada no uso das artes de pesca; destacando a regulación e ordenación dos cultivos mariños. A política pesqueira presenta, en esencia, un perfil de baixa intensidade ate mediados os anos 80. É a partir da última década do século no que a consolidación da Administración Autonómica, e o contexto internacional, levan a unha intensa actividade legislativa e planificadora.
- É por isto que podemos pensar que os momentos de maior actividade na creación de cooperativas (décadas dos 60 e 80) semellan unha resposta ás necesidades e oportunidades percibidas nun marco político-Institucional pouco visible, e nunha realidade sectorial definida especialmente pola fragmentación, a sobreexplotación e a falta de referentes de desenvolvemento.

Para a análise de casos:

- Desde os casos analizados, a cooperativa enténdese nunha dobre acepción: estratexia social e fórmula empresarial. Como estratexia social, supón a consolidación dun corpus único de cara á defensa dos intereses propios e do sector. Doutra banda, a cooperativa é unha fórmula empresarial claramente viable. Neste senso, as diferentes experiencias cooperativas conxugaron ambos modelos, social e empresarial, creando unha harmonía entre o asociacionismo e a empresa.
- A imaxe social das cooperativas, depende do observador. Todos os casos analizados expresan a percepción dunha certa imaxe social negativa en torno á fórmula cooperativa, se ben máis presente en ámbitos externos á mesma. Obsérvase nese sentido unha evolución cara unha nova imaxe máis fortalecida, a raíz de diferentes experiencias ás que se fai referencia. Neste sentido, incídese na importancia de seguir concienciando ao sector, en particular, e á sociedade, en xeral, sobre as vantaxes da fórmula cooperativa como cerne do desenvolvemento económico e social.
- A cooperativa é unha fórmula aceptada e valorada positivamente por todas as persoas entrevistadas, que a entenden como unha fórmula óptima de cara a afrontar conxuntamente a complexidade do sector. En certa medida, incídese en que é necesaria unha compoñente corporativista cara unificar intereses en común, e cara ao fortalecemento sectorial.
- A partir das experiencias analizadas destaca o feito de que as cooperativas foron, e son na actualidade, núcleos de xeración e emprego estable e de calidade.

- Neste sentido, as cooperativas concíbense como alternativas a situacións de paro laboral e como xeradoras de focos de autoemprego.
- Moitas cooperativas naceron como estratexias para favorecer a xeración de economías complementarias. Enfatizábase a súa potencialidade cara un maior control do ciclo produtivo, desde a captura ou extracción do recurso ata a súa comercialización final; co obxectivo de incrementa-la rendibilidade das explotacións. A superación das barreiras do control da comercialización constitúe, neste sentido, unha aposta polo incremento do valor engadido do recurso, ao mesmo tempo que polo incremento da riqueza para a cooperativa, e para os socios e as socias.
- No caso das experiencias analizadas, a disolución das cooperativas provén na meirande parte dos casos de factores externos e alleos á súa natureza. Malia que podan existir problemas ou condicionantes individuais no desenvolvemento e boa marcha das cooperativas, soen ser problemas relacionados con outros factores, entre os que destacan limitacións ligadas a trámites coa Administración, ou patoloxías nos cultivos, desastres naturais, etc., os que inciden en maior medida nesta circunstancia.
- É neste sentido que se incide en que no desenvolvemento e asentamento das cooperativas son claves as circunstancias persoais dos socios, así como o nivel de compromiso que estes asumen coa cooperativa.
- Ao respecto das condicións nas que teñen operado estas cooperativas, existe un certo posicionamento crítico co modelo organizativo das confrarías; desde o que se destaca que a súa

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

natureza pode xerar dificultades que lastren o desenvolvemento de iniciativas no sector, tamén o das cooperativas. Hai que sinalar que con frecuencia se fala da necesidade de crear modelos de cohabitación entre confrarías e cooperativas.

- Desde as valoracións recollidas nos casos analizados, enténdese que os conflitos coas confrarías proveñen, fundamentalmente, de que son estas quen exercen a titularidade sobre o solo, ámbito de explotación dos recursos, así como pola explotación dos mesmos. É neste sentido que se entende que os conflitos son maiores naqueles casos en que a cooperativa e a confraría comparten o mesmo tipo de explotación.
- Existe tamén unha opinión crítica cara á lexislación en materia pesqueira, sendo un sentir xeneralizado que a normativización excesiva limita o desenvolvemento de calquera sector, non só o pesqueiro e marisqueiro. Os problemas, a este respecto, soen partir do carácter provisorio das autorizacións e concesións administrativas.
- Falando das potencialidades da fórmula cooperativa no ámbito do mar, incídese moi centralmente na súa contribución á explotación racional dos recursos. Do mesmo xeito en que é un sentir xeneralizado que o único xeito de garantir a continuidade dos recursos, e por extensión do cooperativismo, é o de facer unha explotación racional dos mesmos, fronte a prácticas limitativas e esquiladoras do medio.
- Do mesmo xeito, salientase a súa potencialidade como ferramenta de vertebración e dinamización do sector ao redor de estratexias de innovación produtiva e empresarial que redunden nunha

xeración de maior valor engadido.

- Por todo o dito, desde estas experiencias se incide en que é necesario implicar e concienciar a todos os axentes relacionados, tanto públicos coma privados, da importancia do modelo cooperativo cara ao desenvolvemento do mundo do mar.
- No que toca ao ámbito Público, demándase un marco normativo posibilitador e favorecedor deste tipo de estratexias empresariais. E salientase a necesidade de que a administración estableza prácticas favorecedoras do cooperativismo, lexislando tamén a este respecto ao tempo que se desenvolven liñas de asesoramento, apoio económico, formación, etc.

Informe elaborado por Cidadania